

PLAN DE IGUALDADE

I.E.S. PUNTA CANDIEIRA (ANO 2019/20)

Elaborado polo grupo de traballo de igualdade formado
por:

- Rocío Costa

- Eva Fernández
- Ana Loureiro
- Magdalena Rey
- Noelia Vallina

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO E DIAGNOSE.
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DO PLAN.
5. CONTIDOS
6. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:
 - 6.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.
 - 6.2. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES.
 - 6.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS E RECURSOS.
 - 6.4. PROPOSTAS
7. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.
8. ANEXOS.
 - ANEXO I. GLOSARIO EDUCATIVO
 - ANEXO II. FICHA DE OBSERVACIÓN PARA A DIAGNOSE DO CENTRO
 - ANEXO III. FICHA DE ANÁLISIS DOS ESPAZOS E DOS TEMPOS

1. INTRODUCCIÓN

Nestes últimos anos, a comunidade educativa do IES Punta Candieira amosa preocupación polas constantes mostras de violencias machistas que se observan na realidade social que inunda a vida cotiá do noso alumnado, desde exemplos de violencia simbólica que non perciben por naturalizada ata os que se sitúan na punta do iceberg das violencias machistas (física e psicolóxica).

Levar a igualdade ás aulas é previr as violencias machistas: esta é a pretensión do Plan de Igualdade, servir de guía que axude a coordinarnos para lograr o obxectivo. Equilibrar as mochilas de xénero coas que as mozas e mozos entran no instituto, porque só a Igualdade e a Coeducación protexen do machismo, por iso queremos que o noso centro sexa, neste sentido, un axente de igualdade e prevención.

É o tempo pois de propoñer ao noso alumnado a construción de identidades xustas, coa ausencia de privilexios e cos seus dereitos garantidos.

O Plan de Igualdade é un documento do centro no que se recolle o programa de intervención que ten por obxecto conseguir plenamente a coeducación na práctica pedagóxica do noso centro educativo. O plan é responsabilidade de toda a comunidade educativa. É o instrumento idóneo para, partindo do diagnóstico en materia de igualdade do centro, deseñar actividades que promovan a igualdade de xénero en temas como a autonomía persoal, a educación afectivo-sexual, a resolución de conflitos ou a orientación académica e profesional non sexista.

Para evitar a reprodución de estereotipos sexistas na invisibilidade das mulleres e do colectivo LGBTI, na presunción de heterosexualidade na comunidade educativa, na discriminación por razóns de identidade de xénero ou orientación afectivo-sexual, na orientación profesional segregadora, nas diferenzas no uso de espazos, tempos e palabras, na normalización das agresións dos máis fortes contra as e os máis débiles, xustificadas nos estereotipos sexistas e homofóbico, na prevalencia do masculino nos libros de texto e materiais curriculares e na presunción de familia nuclear heterosexual, faise necesaria a aplicación de medidas individuais e colectivas encamiñadas a promover a igualdade de oportunidades, e, por tanto, asentar as bases para conseguir un centro coeducativo, libre de discriminación e respectuoso con todas as diversidades, no que todos e todas as estudantes teñan o mesmo dereito a unha educación de calidade nun ambiente escolar seguro.

Estas medidas serán canalizadas pola coordinadora do Plan de Igualdade, á que tamén lle corresponde:

- Velar pola igualdade entre homes e mulleres no centro educativo.

- Promover o libre desenvolvemento da personalidade de cada persoa.
- Impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real entre homes e mulleres.
- Promover e impulsar medidas educativas que fomenten o respecto pola diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Dinamizar que se favoreza a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

❖ ÁMBITO EUROPEO

▮ Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Artigo 8. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes, despois de 2015, considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

❖ ÁMBITO ESTATAL

▮ Constitución (artigo 9.2 e 14):

* Artigo 9.2: “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social”.

* Artigo 14: “Los españoles son iguales ante la ley, sin que pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social”.

▮ Real Decreto 1686/2000 do 6 de outubro: Creación do Observatorio de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

▮ Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

▮ Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.

▮ Lei orgánica 3/2007 22 marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Título IV: O dereito ao traballo en igualdade de oportunidades. Artigo 23: A educación para a igualdade de mulleres e homes. Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

❖ ÁMBITO AUTONÓMICO

▮ Estatuto De Autonomía De Galicia (1981). Artigo 4.1: "...poderes públicos, desenvolverán accións encamiñadas a promover as condicións de igualdade, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude".

▮ Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.

▮ Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

▮ Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014)

▮ Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa

▮ Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres

▮ Decreto 86/2015 do 25 de xuño: Currículo educación secundaria e bacharelato

▮ Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (Abril 2016)

❖ ÁMBITO LOCAL

▮ O Concello está en fase de desenvolvemento do plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

▮ No caso do IES Punta Candieira, nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF) a día de hoxe o apartado que menciona medidas de igualdade figura como:

*"Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes: Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, **orientación sexual**, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social."*

Neste curso académico 2019-2020 as NOF están en proceso de revisión e incluírán as actualizacións oportunas do plan de igualdade.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO E DIAGNOSE.

Para diagnosticar, é necesario a observación e análise da comunidade educativa no seu conxunto prestando especial atención ás relacións, condutas e actitudes que teñen lugar nel. Trátase de compilar información da situación de partida do centro sobre diversos aspectos do entorno educativo no que se desenvolve a vida escolar e analízalos dende a perspectiva de xénero.

Para facer esta diagnose hai que ter en conta distintos aspectos.

<i>Característica a diagnosticar</i>	<i>Aspectos a observar</i>
Características do centro	* Distribución por sexos da comunidade educativa. * Composición dos órganos de dirección e coordinación. * Composición dos órganos de representación do alumnado. * Composición dos órganos colexiados. * Distribución dos casos de absentismo escolar.
Linguaxe sexista	* A desenvolver.
Uso de espazos e tempos	* Observación da distribución dos espazos e tempos en alumnas e alumnos. * Existencia de roles e estereotipos de xénero no alumnado.
Materiais didácticos	* A desenvolver.
Actitudes e valores	* A desenvolver.

Da observación diaria despréndese:

- A presenza de roles e estereotipos de xénero aínda arraigadas no alumnado.
- Uso sexista da linguaxe.
- Existencia de conflitos nos que se manifiestan estereotipos de xénero.
- Dedicación do tempo libre por parte de mozos e mozas a tarefas moi diversas
- Presenza de familias profesionais masculinizadas e feminizadas por parte do profesorado e do alumnado.

No seguinte ano académico 2019 - 2020, os instrumentos a utilizar para facer unha diagnose real serán:

- Fichas de distribución por sexos (Anexo II)
- Fichas de distribución de espazos e tempos (Anexo III)

Con respecto ao traballo previo realizado no centro no curso 2018-19 en relación coa igualdade podemos dicir:

- 25 Novembro, muro de reflexión acerca das frases relacionadas coa violencia de xénero
- 8 Marzo, actividades dirixidas ás titorías acerca dos papel da muller ao longo da historia
- Charla coloquio co grupo de apoio ao alumnado LGTB do Ies Politécnico de Vigo
- Charla coloquio arredor da presentación do libro “22 segundos” coa súa autora Eva Mejuto e o Marcos Ceive, personaxe no que se basa o protagonista do libro relacionado coa identidade de xénero.
- Obra de Teatro “Elisa e Marcela” para a conmemoración do día 17 de maio, día contra LGBT fobia
- Photocall “17 de maio, día contra a LGBTIfobia”
- Charla “Mantén o control” acerca de recoñecer as relación tóxicas e actuar a tempo.
- Charla da xuíza Ana López Suevos acerca das agresións sexuais.
- Actividades diversas sobre igualdade nas titorías
- Actividade: *Día contra a violencia de xénero. Lectura de manifesto e actuación poética.*
- Actividade: *Charla con Ana Ojea e Alumnas.*
- Actividade: *Charla con Eva Mejuto e Marcos Gandón.*
- *Programa socio educativo “Suprime o control”.*
- Actividade: *Día da muller traballadora. Actividade de tutorías*
- Actividade :*Charla: “Nas TICs mandas ti”.*
- Actividade: *Teatro “Elisa e Marcela”.*
- Actividade: *Charla sobre o acoso, abusos e agresións con Ana López Suevos.*

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DO PLAN.

Unha vez obtidos os resultados do diagnóstico, as liñas de actuación e os obxectivos son os seguintes:

Liña 1. Estereotipos e roles de xénero, actitudes e valores sexistas.

- Integrar a perspectiva de xénero.
- Visibilizar elementos de desigualdade de xénero na comunidade.
- Establecer prácticas educativas correctoras de estereotipos co obxecto de erradicar, no ámbito educativo, os valores e actitudes que tradicionalmente teñen propiciado unha invisibilización das mulleres, primando os valores masculinos.
- Formar ao alumnado na autonomía persoal, fomentar a autoestima e orientar na formación dun proxecto de vida sen estereotipos.

Liña 2. Uso da linguaxe inclusiva.

- Tratar de visibilizar as situacións nas que se fai un uso sexista da linguaxe para concienciar á comunidade educativa.
- Fomentar formas de expresión que fagan uso dunha linguaxe inclusiva.

Liña 3. Uso equilibrado de espazos e tempos.

- Fomentar o uso compartido e equitativo de espazos por parte dos alumnos e as alumnas .
- Fomentar a participación das alumnas en actividades deportivas colectivas.

Liña 4. Materiais didácticos.

- Fomentar a selección de materiais didácticos neutros, libres de estereotipos e valores sexistas.
- Visibilizar as mulleres nos contidos didácticos, valorando a súa figura en igualdade de condicións ás dos homes.

Liña 5. O centro: un espazo de relación e non violencia.

- Utilizar unha metodoloxía pedagóxica que favoreza a interrelación entre alumnas e alumnos baseada no respecto á diferenza.
- Concienciar sobre a violencia de xénero desde a prevención da mesma.
- Procurar estratexias de resolución de conflitos non violentas.
- Fomentar o espírito crítico do alumnado ante as manifestacións relacionadas coa desigualdade entre homes e mulleres fóra do mundo académico.

Liña 6. A educación dos sentimentos e as emocións, así como a adquisición de destrezas para a comunicación afectivo sexual.

- Coñecer e nomear as emocións, como paso previo á expresión das mesmas.
- Utilizar e formar na aplicación de destrezas sociais e comunicativas que permitan a resolución positiva dos conflitos.

- ❑ Dar a coñecer modelos diversos de relacións positivas nos distintos ámbitos (parella, laboral, amizade, familiar...)
- ❑ Fomentar unha educación afectivo-sexual libre de estereotipos e roles de xénero.

5. CONTIDOS

- educación emocional en igualdade;
- uso non sexista da linguaxe, especialmente a nivel escrito;
- as desigualdades por razón de sexo e os estereotipos de xénero;
- os mitos do amor romántico;
- diversidade afectivo-sexual;
- visibilización das mulleres nos distintos campos do saber;
- uso e reparto dos espazos do centro: estudo e análise;
- corresponsabilidade nas tarefas domésticas;
- feminismo;
- escaleira de violencia machista na adolescencia;
- resolución positiva dos conflitos (escoita e asertividade);
- redes sociais. cara e cruz: axentes de igualdade e ciberdelitos de xénero;
- prevención da violencia machista

6. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

Son as actuacións incluídas no plan de igualdade coa finalidade de conseguir o cumprimento dos obxectivos. Ao tratarse dun proxecto flexible, algunhas actividades iranse perfilando ao longo dos cursos sucesivos.

6.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.

- nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para impulsar o Plan de igualdade
- difusión do Plan de Igualdade entre os distintos membros da comunidade escolar
- promoción da formación do profesorado e do alumnado en materia de igualdade
- revisión da documentación e a cartelería do centro para lograr unha linguaxe inclusiva
- concreción de actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar
- oferta de materias específicas. No curso 2019-20 ofértase “Coeducación para o século XXI”
- participación en programas específicos. No curso 2019-20 o centro participa no programa contrato “Iguálate”.
- creación dun grupo de apoio al alumnado LGTBI+ e dunha persoa titora responsable.

6.2. PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES.



PRIMEIRA AVALIACIÓN

- Desaprendendo- 11 de outubro
- Coeducando - 25 novembro

SEGUNDA AVALIACIÓN

- A paz nas novas masculinidades - 30 xaneiro
- Aprendendo - 11 de febreiro
- Amor propio - 14 de febreiro
- Marzo con nome de muller - 8 de marzo

TERCEIRA AVALIACIÓN

- Nomeamos o mundo - sobre o linguaxe non sexista 26 de Abril
- Compartimos experiencias - 15 de maio (corresponsabilidade)
- A diversidade é dereito - 17 de maio

Realizaranse actividades en torno a estes grandes bloques:

- Actividades de tutorías e co profesorado voluntario nas súas devanditas materias
- Charlas, talleres e obras artísticas nos que participen o alumnado e profesorado.

6.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS E RECURSOS.

- difundir información a través do taboleiro LGTBI+
- promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar
- fomentar actividades que favorezan a inclusión. No curso 2019-20 estase a realizar un torneo de fútbol mixto
- creación dun espazo propio para o grupo de apoio LGTBI

6.4. PROPOSTAS

- desenvolver un programa de formación dirixido ao alumnado para a adquisición de habilidades e competencias sociais que se materialice en dous puntos:
 - a) titoría entre iguais
 - b) mediación escolar
- revisión do uso da linguaxe non sexista nos documentos oficiais e nos espazos do centro para a súa corrección
- creación dun blogue de igualdade na páxina web do instituto
- creación dun fondo bibliográfico visible na biblioteca sobre feminismo e colectivo LGTBI, e inclusión de parte dese fondo nos carritos de lectura.

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Neste apartado recóllese o procedemento de avaliación do funcionamento do plan a través de indicadores de medida e de instrumentos de avaliación que permitan obter evidencias e valorar os avances realizados. Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de melloras co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

Os criterios utilizados serán:

- * observación;
- * valoración das actividades realizadas por parte dos departamentos didácticos e das titorías;

Os instrumentos utilizados serán:

- * enquisas de final de curso.

8. ANEXOS.

ANEXO I. GLOSARIO EDUCATIVO

★ *COEDUCACIÓN*

A coeducación consiste en educar ás rapazas e rapaces superando os roles de xénero que a sociedade prescribe para unhas e outros en función do sexo de pertenza. A súa finalidade é propicia-lo desenrolo integral das alumnas e os alumnos, para iso préstase especial atención á auto-aceptación, o recoñecemento da outra persoa e a valoración positiva das diferenzas a través dunha convivencia enriquecedora.

★ *COLECTIVO LGTBI+*

Son as siglas que designan internacionalmente a homes e mulleres homosexuais, bisexuais, transexuais e intersexuais.

★ *CORRESPONSABILIDADE*

Reparto equitativo das responsabilidades sociais, familiares e profesionais, entre ámbolos sexos, de tal xeito que o sustento económico da familia - tradicionalmente asignado aos homes, así como tamén as tarefas domésticas e o coidado das persoas - tradicionalmente asignados ás mulleres sexan asumidos e compartidos por todas as persoas da unidade de convivencia.

★ *CURRÍCULO OCULTO*

O que se aprende na escola dun xeito nin explícito nin intencional e que ademais se transmite sen ser consciente o alumnado.

★ *DETERMINISMO BIOLÓXICO*

Defende que as diferenzas entre os dous sexos son de carácter biolóxico e polo tanto naturais e inmutables. Isto emprégase como xustificación “científica” para a discriminación das mulleres.

★ *DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES*

Celebración reivindicativa e lúdica que se leva a cabo o 8 de marzo.

★ *DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO*

O 25 de novembro conmemórase a data do asasinato das irmás Mirabal en 1960.

★ *DISCRIMINACIÓN DE XÉNERO*

Toda distinción, exclusión ou restrición baseada no sexo que teña por obxecto ou resultado menoscabar ou anular o recoñecemento, goce ou exercicio pola muller, independentemente do seu estado civil, sobre a base da igualdade do home e a muller, dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais nas esferas política, económica e social.

★ *ESTEREOTIPO SEXUAL*

Asignación a cada un dos sexos diferentes papeis, actitudes, comportamentos e características.

★ *FEMINICIDIO*

Asasinato de mulleres por causas asociadas á desigualdade de xénero.

★ *FEMINISMO*

Movemento social, político, filosófico, económico, científico e cultural que denuncia, desvela, transgride e loita pola erradicación do sistema social imperante. O seu obxectivo é a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

★ *FENDA SALARIAL*

Diferenza de salario entre homes e mulleres.

★ *HOMOFOBIA*

Aversión, odio ou prexuízo contra homes ou mulleres homosexuais, bisexuais, intersexuais ou transexuais.

★ *HOMOSEXUALIDADE*

Atracción sexual por persoas do mesmo sexo.

★ *IDENTIDADE SEXUAL*

É un xuízo baseado na percepción da propia figura corporal. Está baseada nas diferenzas sexuais máis visibles. Fórmase ao longo dos tres primeiros anos de vida.

★ *IDENTIDADE DE XÉNERO*

É un xuízo de auto clasificación baseado na construción psicolóxica, social e cultural das características masculinas ou femininas habitualmente atribuídas a homes e mulleres.

★ *IGUALDADE*

A desigualdade entre mulleres e homes ten a súa orixe na división sexual do traballo. Na sociedade moderna, a división sexual do traballo produciu unha clara dicotomía entre o ámbito público (Estado, mercado e sociedade civil) e o privado (familia) e os roles que se desempeñaban neles. A igualdade admite diferenzas, mais non desigualdades. A desigualdade supón discriminación e privilexio; e a diferenza implica diversidade entre cousas da mesma especie, o cal non implica discriminacións ou privilexios de ningún tipo. A igualdade non significa eliminación das diferenzas, senón a ausencia de discriminación pola existencia destas.

★ *LINGUAXE: EMPREGO SEXISTA E ANDROCÉNTRICO*

Utilización sesgada da lingua que conleva minusvaloración, ridiculización... das mulleres no caso do sexismo e exclusión e invisibilización das mesmas no caso do androcentrismo.

★ *MACHISMO*

Actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento da discriminación contra as mulleres.

★ *MISOXÍNIA*

Sexismo que implica odio e desprezo polas mulleres.

★ *PATRIARCADO*

Etimoloxicamente, patriarcado procede do grego e significa “gobierno dos pais”. O adxectivo patriarcal describe unha estrutura na que os varóns teñen poder sobre as mulleres. Gerda Lerner (1986) definiuno como “a manifestación e institucionalización do dominio masculino sobre as mulleres e nenos/as da familia e a ampliación dese dominio sobre as mulleres na sociedade en xeral”.

★ *PREXUÍZOS*

Ideas que, a pesar de seren falsas ou simplificadoras, acéitanse como se fosen verdade, ao estaren baseadas en estereotipos culturalmente establecidos.

★ *ROLES DE XÉNERO*

Comportamentos, atributos, expectativas, papeis sociais, funcións ou tarefas que se asignan ou agardan dunha persoa ou grupo de persoas determinadas en función do sexo ao que pertencen. Son estereotipos que asignan capacidades, potencialidades e valores diferentes a mulleres e homes baseándose nunha construción errónea da identidade sexo- xénero.

★ *SEXISMO*

Actitudes que favorecen e perpetúan a desigualdade e a xerarquización no trato recibido polas mulleres baseándose na súa diferenciación sexual.

★ *SORORIDADE*

Irmandade entre mulleres para eliminar a presión patriarcal.

★ *TEITO DE CRISTAL*

Barreira invisíbel que impide ás mulleres o acceso a postos de responsabilidade.

Son formas de discriminación indirecta que obstaculizan a súa promoción.

★ *TRANSVERSALIDADE*

En Coeducación, supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenrolo e seguimento de todas as actuacións que afecten, dun xeito directo ou indirecto, á comunidade educativa.

★ *TRANSXÉNERO*

Termo xenérico que se emprega para describir a persoas que en diferentes formas se identifican co xénero oposto ao das súas características fisiolóxicas de nacemento.

★ *VIOLENCIA DE XÉNERO*

Todo acto de violencia sexista que ten como resultado un dano de natureza física, sexual, psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación de liberdade para as mulleres.

★ *VISIBILIZACIÓN*

Acción de facer público o legado das mulleres e tratar de reparar a inxustiza cometida por ter ocultado o seu paso e pegadas pola historia.

ANEXO II. FICHA DE OBSERVACIÓN PARA A DIAGNOSE DO CENTRO

DISTRIBUCIÓN POR SEXOS: PROFESORADO

		Mulleres	Homes	Total
Composición do claustro		45	29	74
Dirección do centro		5	0	5
Xefaturas de departamento		15	6	21
Distribución por departamentos	Lingua Castelá	3	1	4
	Lingua Galega	4	0	4
	Filosofía	2	0	2
	Física e Química	2	0	2
	FOL	2	0	2
	Inglés	3	1	4
	Francés	3	0	3
	Latín e Grego	1	0	1
	Educación Física	0	2	2
	Música	1	1	2
	Xeografía e Historia	3	1	4
	Biloxía	4	0	4
	Debuxo	1	1	2
	Matemáticas	4	2	6
	Relixión	1	0	1
	Tecnoloxía	3	1	4
	Orientación	3	0	3
	Economía	1	0	1
	Mantemento	2	6	8
Electricidade	0	9	9	
Administración e Finanzas	2	3	5	
Equipo de igualdade		5	0	5

Consello escolar	8	2	10

DISTRIBUCIÓN POR SEXOS: ALUMNADO

		Mulleres	Homes	Total	
Número de representantes no consello escolar		2	2	4	
Número de delegadas e delegados de curso		16	13	29	
Distribución por itinerarios	1º BAC	CIENCIAS E TECNOLOXÍA			
		HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS			
	2º BAC	CIENCIAS E TECNOLOXÍA			
		HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS			
	FP BÁSICA ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA				
	CICLO MEDIO INSTALACIÓN ELÉCTRICAS E AUTOMÁTICAS				
	CICLO MEDIO MANTEMENTO ELECTROMECAÁNICO				
	CICLO SUPERIOR ADMINISTRACIÓN E FINANZAS				
	CICLO SUPERIOR MECATRÓNICA INDUSTRIAL				
	CICLO SUPERIOR SISTEMAS ELECTROTECNICOS E AUTOMATIZADOS				
	Participación en asociaciones escolares				

DISTRIBUCIÓN POR SEXOS: PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

	Mulleres	Homes	Total
Persoal administrativo	2	0	2
Persoal subalterno			
Persoal de limpeza			

DISTRIBUCIÓN POR SEXOS: OUTROS

	Mulleres	Homes	Total
ANPA			
Cafetería	2	0	2

ANEXO III. FICHA DE ANÁLISIS DOS ESPAZOS E DOS TEMPOS

ESPAZO	
ENTRADA (HALL)	Nun dos bancos hai 10 rapaces e noutro 10 rapazas e 1 rapaz. Varios grupos non mixtos de paso para outras zonas.
PISTAS (PING PONG)	20 rapaces aproximadamente.
PISTA FÚTBOL	Entre 20 e 30 rapaces xogando ao fútbol e 3 rapazas paseando polo campo.
PORCHE AMPLIACIÓN	Entre 20 e 30 alumnos e alumnas. Grupos, en xeral, non mixtos. Hai unha parella (un rapaz e unha rapaza). Os rapaces están de pé e as rapazas sentadas nos bancos.
BIBLIOTECA	Nos ordenadores só hai rapaces, nas mesas grupos non mixtos, en xeral. En algún caso, grupos de rapazas e un rapaz ou viceversa.